



Entrevista

José Castro Romero

Presidente de Seara

«Existía a necesidade de aglutinar nun proxecto común aos empresarios»

Despois de impulsar o centro de dinamización, o pontés traballa agora na constitución dunha unidade de xestión dos polígonos

M.MEIZOSO ■ O empresario José Castro Romero preside dende a súa creación, no ano 2002, a Asociación de Empresarios Usuarios de Suelo Industrial de As Pontes (Seara). Faino fiel aos seus principios e un compromiso permanente co desenvolvemento económico da vila de As Pontes.

—¿Como nace a idea de crear a entidade Seara?

—A medida que foi crecendo este pobo de forma industrial entendíamos que existía a necesidade de aglutinar nun proxecto común a todos os empresarios. Era preciso que se activaran mecanismos de actuación concretos.

—¿Cales son os piares nos que se asenta este proxecto?

—O centro de dinamización empresarial e a incubadora de empresas. O primeiro naceu coa ilusión de atender a cooperación, a orientación e o asesoramento da clase empresarial xa establecida, pero tamén con vocación de axuda aos xóvenes emprendedores. Aí entra en xogo a incubadora de empresas que non só atende ás necesidades que surden nos que inician un novo proxecto, senón que tamén facilita os espazos precisos para dar os primeiros pasos. Todo isto avalado polos servizos de Seara.

—Pero ademais, o inmoble que xestiona Seara tiña previsto contar con servizos complementarios.

—Efectivamente, a idea era crear unha cafetería-restaurante e unha gardería infantil. Isto quedou descolgado porque había un compromiso nun convenio de colaboración da empresa Einsa co Concello para construír esa escola infantil. Quedou paralizado e segue sen executar, cousa que non entendo. Nós entendemos que é un servizo imprescindible porque é o cadro de persoal asentado no polígono de Penapurreira conta cun gran número xóvenes aos que habería que axudar na procura dunha óptima conciliación da vida familiar e laboral.

—¿E que ocorreu co viveiro de empresas?

—Algo similar porque certa-



Castro preside Seara dende os seus inicios | ÁNGEL MANSO

mente a nosa intención pasaba por facilitar aos emprendedores o paso da incubadora de empresas ao viveiro. A idea era xestionar a construción de naves para que, chave en man, puideran establecer definitivamente as empresas. Nembargantes, deuse a casualidade de que o Concello creou un proxecto similar. Estamos cooperando no proxecto e hai un diálogo permanente co goberno local para que así sexa.

—¿Que atención prestan a empresarios e emprendedores?

—Ofrecemos un servizo de asesoramento, tanto a subvencións, información fiscal, financiación, réxime de seguridade social, plans de viabilidade ou búsqueda de provedores. Un emprendedor non sabe a quen se ten que achegar e tanto nós como o Instituto de Promoción Económica facilitámoslle a labor dunha forma personalizada.

—Nun ano con numerosas complicacións económicas,

¿que balance fan deste exercicio?

—Continuamos cun ritmo habitual, de feito nos últimos meses ofrecemos asesoramento para diferentes proxectos como unha ludoteca, unha casa rural, unha empresa de deseño gráfico e unha consultora. Á marxe disto, o que si queremos é sensibilizar á administración local e ás empresas para que podamos constituír unha unidade de xestión dos polígonos que avanzaría en cuestións relativas ao mantemento, na imaxe e na vixilancia.

—Como asociación pontesa, ¿como se están posicionando ante a problemática do decreto do carbón?

—Entendemos que é negativo para o noso territorio. Por isto desexamos que se chegue a acordos para solventar este problema. Estamos en contra de forma radical porque perxudica os nosos intereses, pero esperamos que haxa acordos que permitan salvar a situación. No caso contrario, sería moi grave non para As Pontes e a súa comarca senón para toda Galicia.



A incubadora acolle empresas como Puzzlemotor

■ ACTIVIDADES FORMATIVAS 2010

SEMINARIOS

Capacitación e fidelización de clientes
Xestión RR.HH.
Cálculo de prezos
Motivación emprendedora
Xeración de ideas empresariais
Maduración de ideas empresariais
Evaluación dunha idea empresarial
Empresa viable
Adaptación dun proxecto de empresa ao entorno
Deseños dos procesos internos de proxectos de empresas viables

CHARLAS

Tarxeta profesional da construción
Sistemas ERP: Optimización de proxectos e recursos empresariais
Costes fiscais dunha sucesión
Separación de bens e outras medidas de protección da empresa familiar
Sistemas de retribución variable
Interpretación de balances
Técnicas de negociación
Plataforma elevadora e traballo en altura
Prevención de riscos laborais

A entidade desenvolve iniciativas dirixidas a fomentar a cultura emprendedora

«É fundamental activar todos os mecanismos que estean nas nosas mans para fomentar a cultura emprendedora en todos os eidos». Así de claro o ten o presidente da Asociación de Empresarios Usuarios de Suelo Industrial (Seara) e así o practican. Ao longo deste ano, a entidade desenvolveu o proxecto *Cultura Emprendedora nas Escolas* dirixido aos centros educativos da vila. Os alumnos de Secundaria aprenderon a elaborar un plan de empresa á vez que asistiron a diferentes conferencias e presentación. No caso de Primaria, o programa orientouse ao impulso de competencias relacionadas coa comunicación lingüística, a información ou a autonomía e a iniciativa persoal.

Á marxe deste programa, Seara ven traballando nos últimos meses nun estudo sobre as necesidades das empresas de As Pontes. A pesar de non estar rematado todavía, dende a dirección na entidade xa apuntan a unha boa acollida por parte da clase empresarial e ás repercusións positivas que se poderán acadar no futuro grazas

á optimización dos recursos dispoñibles, tanto no centro de dinamización como na incubadora de empresas.

Xóvenes

Seara pon a disposición dos novos emprendedores os equipamentos necesarios para iniciar un proxecto empresarial. Aos locais hai que engadir o servizo de asesoramento continuo en relación á búsqueda de provedores, financiación bancaria ou subvencións. A firma Puzzlemotor, adicada á venda de pezas de coches a través de Internet, e Eumenet, vinculada ao deseño web, utilizan dende o 2009 o inmoble de Seara como centro de operacións.

Colaboración

O centro de empresas de Seara mantén unha estreita colaboración co Grupo de Acción Local Euroeume. Materialízase, entre outros, no proxecto EcoEume da Fundación Biodiversidade en materia de xestión de calidade, medioambiente, xestión de residuos, eficiencia enerxética e enerxías renovables.